




## TRES DÍAS DESPOIS

Estaba a piques de espertar, nese momento en que queres quedar un pouco máis na quentura da cama, baixo o edredón de inverno, cando escoitei tres golpes, non moi fortes, que me fixeron abrir os ollos.

Primeiro pensei que alguén petaba na porta, pero era moi cedo e os golpes non soaran no piso de abaixo, senón preto de min, na parede ou no cristal da xanela. TAC. TAC. TAC. Claros, precisos, suaves, coma se quixesen que acordase con dozura.

Ás veces a gata pídeme para saír. Eu ábrolle e ela marcha, especialmente de noite. Para volver entrar, dá uns golpes coa pata no cristal da xanela. Serían eses os tres golpes. Non. A gata estaba á miña beira. Mirábame. As miradas dos gatos sempre me pareceron intrigantes. Teño a impresión de que saben algo que eu non sei, de que vixían o que fago e despois marchan, decepcionados por compartir casa cunha persoa tan parva.





Puido ser un paxaro, ou o vento. Puido ser un soño.

E, de súpeto, soaron de novo: TAC. TAC. TAC.

O meu corazón latexaba con forza. Desde que vivo soa, a imaxinación tende a xogarme malas pasadas, así que o mellor para tranquilizarme era ir comprobar que non había nada raro.

O cristal da xanela estaba cuberto coas pingas da choiva que caera. A paisaxe era borrosa, húmida, pero era a mesma paisaxe de todos os días. Cando me virei, os ollos verdes da gata seguían cravados en min.

—Nada. Ninguén –vinme obrigada a confesar.

A gata saltou da cama e marchou, cun certo desprezo no seu camiñar elegante.

Daquela, lembrei.

Din que a morte nunca chega sen avisar.

Tres días despois de que unha persoa deixe este mundo, alguén escoita tres golpes: TAC. TAC. TAC. Non moi fortes. Claros. Precisos. Suaves. Dalgunha maneira, a persoa defunta intenta avisar para que reciban a súa visita.

Hoxe cúmprense tres días da morte do meu avó.

Antes de morrer, murmuroume: «Virei visitarte, para que non me esquezas».

Non te esquezo, avó. Por favor, non veñas.


*mensaxe ou simplemente avisar de que está aí, á nosa beira, sen saber que facer nin onde ir, buscando un camiño.*

## **Aviso 1**

### **Golpes na parede**

*Escoitar golpes na parede pode querer dicir que alguén do outro mundo pide permiso para entrar neste, é dicir, pretende dar unha*





*M. C. (Ferrol)*

«O dono do piso advertiame cando o aluguei de que sempre estaba frío, aínda coa calefacción prendida. Hoxe comecei a escoitar murmurios, e non vive ninguén máis no edificio. Entroume gana de apoiar a cara contra a parede e daquela descubrín que alí estaban as voces, prisioneiras, sen corpo onde refuxiarse.»

## A VECIÑA

Toda a xente da vila sabía que, de cando en vez, a veciña tiña que ir ao hospital. Era unha muller maior. Estaba nas lembranzas de cada persoa dese lugar, aínda que non resultaba posible que vivise durante tanto tempo. Quizais confundían esa veciña coa súa nai, ou coa súa avoa, porque as tres fuxían da xente, as tres pasaban o día

na casa e só saían á tardiña para dar unha volta rápida e estirar as pernas.

Nalgún momento tivera que morrer a avoa e despois a nai da veciña. Nalgún momento quedara soa. Nalgún momento. Ninguén sabería dicir cando. A veciña non respondía aos saúdos nin ás preguntas de cortesía. As poucas persoas que se lle achegaran sentiran arrepios e un cheiro a flores murchas, por iso mantiñan as distancias. A veciña non compraba na vila. A veciña non envellecía, máis ben parecía rexuvenecer.

Cando chegou a mestra e mercou a casa do lado da veciña, houbo quen quixo contarlle algo, pero axiña desbotou a idea. Que lle ía dicir? Que tivese conta da veciña? Que desconfiase da mirada





da veciña, dura e penetrante, coma se os seus ollos che lesen os pensamentos? A mestra era alegre, sempre cun sorriso na boca e cun xeito de camiñar a pequenos saltos que a volvía case unha nena. A vila enteira estaba convencida de que nin a veciña podería toldar unha enerxía semellante, aquela ansia de comer o mundo antes de que a comesen a ela.

Certo día, a mestra tivo un accidente co coche que aparcaba diante da porta da veciña. Saíu da estrada e bateu contra unha árbore. Para a árbore foi só unha sacudida, pero as feridas da mestra foran graves, aínda que os médicos confiaban en que se recuperaría nun par de semanas.







Comezaron os rumores de que fora a veciña, que lle botara mal de ollo por taparlle a entrada. Ata que a veciña enfermou tamén. Daquela, calaron as murmuracións. A pobre vella debía ir outra vez ao hospital. A carón da mestra estarían a súa nai, o seu pai, os seus dous irmáns, o seu tío, as súas tías, pero a veciña nin amizades nin familia tiña.

Un mes despois, a veciña volveu á vila. Quitara de enriba tantos anos que case non a recoñecían. Seguía sen se asomar durante as horas de luz, ata xusto antes de que caese a noite, pero daquela andaba lixeira, a pequenos saltos, coma unha nena.

A mestra quedou no hospital, en coma. O seu corpo envellecera de tal maneira que non daba collido folgos, e durmía, se cadra para

sempre, cun cansazo dificilmente explicable nunha muller que estivera tan chea de vida.

Por aquel lugar cóntanse varias lendas das chamadas «meigas chuchonas», que chuchan o tempo no desexo de ser inmortais. De cando en vez visitan hospitais, conseguen unha cama a carón de alguén máis novo ou máis nova e, pouco a pouco, a pel da meiga vaise estirando, as súas meixelas tinxense dun ton encarnado, os seus ollos escintilan co brillo da xuventude. Quen está na cama, á beira, engúrrase, palidece, cae nun pozo escuro de sono do que nunca máis esperta.





## **Aviso 2**

### **Flores murchas**

*O cheiro a flores murchas non é agradable. Lembra as entradas dos cemiterios, onde se deixan os restos das flores vellas ao cambialas polas novas.*



«Onte pola noite sentín dúas picadas no pescozo, e  
hoxe, ao mirarme no espello, non atopei o meu  
reflexo.

Cada vez que vexo a alguén teño unha sede  
incansable.»

*Alumnado de 5.º e 6.º do CEIP Trabenco (Leganés)*



## UNHA NOITE TRANQUILA

Mensaxes por teléfono entre Sara e Diana.

**20.42 h**

—Ás 9 no parque?

...

...

...

—Stamos na casa. Pizza e peli.

—Con Dani?

—Claro.

—Dades noxo ;p

—Envexa?

—Si :)

—Hoxe noite tranqui.

—Pareces miña avoa ;P

—Parva! ;P ;P ;P  
—Kndo keiras ir cs amigs, avisa.  
—É q tmos a casa pra nós.  
—E o teu pai?  
—Volve mañá. Viaxe d traballo.  
—Pois puidemos qdar aí, no parque vai un frío q pela.  
—Prefiro star con Dani :)  
—Como saiba o teu pai q qdas co mozo kndo el non está...  
—O meu pai non ten q saber nada.  
—E q me dás?  
—As grazas ;P  
—Boh!

—X 1 noite q non qdemos non vai acabar o mundo.  
—Nunca se sabe ;P  
—Falamos mañá e xa m contas ;)  
—Seguro que non vés? Vast rir máis q con Dani.  
—Dani di q non sexas pesada.  
—Dille a Dani q se meta no seu.  
—Chaooo <3 <3  
—<3<3<3

**22.00 h**



—Diana...

—...

—Diana...

—...

—Diana...

—...

—Tño medo, Diana.

**22.15 h**

—Sara, stou case sen batería. Q pasa?

—Hai alguén na casa.

—?

—Estabamos vendo a peli e foise a luz.

—Aquí os farois están prendidos.

—É q alguén cortou a luz.

—Na túa casa?

—Sentimos pasos no faiado.

—???

—E unha respiración moi forte nas escaleiras.

—Chama a policía.

—Si, pra q se rían na miña cara.

—Aviso o teu pai?



—Dani colleu a lanterna q gardamos na cociña e foi mirar.

—Ao mellor é unha broma.

—Non me gustan esas bromas.

—Se cadra foi cousa súa, pra meterche medo.

—Non creo. Dani non é así.

—Berra!

—...

—Q berres, Sara!

—Espera...

—Sara?

—...

—Sara?

—Está aquí.

—Dani?

—A respiración. Nas miñas costas.

—:O :O :O

—Non é Dani.


—Chama a policía!

—Os ollos...

—Q ollos?

—...





—Sara! Q ollos?

—...

—Sara?

—...

—Vou chamar a po...

—...

—...

—...

—...



## **Aviso 3**

### **Pasos no faiado**

*Os faiados son lugares onde se deixan as cousas que xa non utilizamos, pero que non queremos tirar. Cousas que esquecemos e que, dalgún xeito, se senten abandonadas, por iso se queixan con*

*renxeduras e asubían cando se coa o vento por algún burato entre as tellas. Alí buscan refuxio os monstros que ninguén quere ver, as criaturas cheas de xenreira porque non son libres de pasear por onde lles apetece, así que corren, dun lado para outro, na penumbra que tan ben coñecen.*





«Meu avó pechaba o faiado con chave, pero meu irmán e mais eu buscamos a maneira de entrar. Ao fondo, vimos os nosos xoguetes fóra das caixas. Escoitamos unha gargallada e, á luz da lúa chea que entraba pola claraboia, cruzou unha sombra: a sombra dunha nena xogando ás escondidas.»

*X. C. (Maniños)*





## O HOME DO SOMBREIRO

Sandra soñou co home do sombreiro o mércores antes do salto.

Sandra saltou dun cuarto piso o sábado desa semana. O lume dun incendio empuxáraa cara á terraza, e Sandra non o pensara

dúas veces. Esperaba que a profundidade da piscina fose abonda para que o salto non resultase mortal.

Lois soñou co home do sombreiro tres noites antes de coller o tren que o levaría de volta á capital, despois de estar meses traballando nunha aldea remota.

Había anos que un tren non descarrilaba nesa zona. Lois ía no asento 4A, a carón da fiestra. A Lois gustáballe ver a paisaxe.

Berenice soñou co home do sombreiro mentres comezaba a tormenta tropical que deron en chamar «Zoe».

Como consecuencia da tormenta, caeu unha torre do tendido eléctrico, afundiou o tellado da casa e esmagou a cama na que





Berenice adoitaba durmir.

O home do sombreiro tamén apareceu nos soños de Eduardo.

Eduardo soñou cun home maior, vestido de traxe escuro, con gravata e sombreiro negro. Quedoulle a súa imaxe gravada porque aquel home, de súpeto, erguía a man esquerda e achegábaa ao sombreiro, coma para saudar.

Á mañá seguinte do soño, Eduardo cruzouse co home pola rúa. Estaba seguro de que era el, e de que erguera a man esquerda e o saudara, pero a esas horas moita xente ía traballar e o home do sombreiro confundíuse coa multitude.

Eduardo estivo atento por se o volvía ver.

O home do sombreiro rozou coa súa presenza a Eduardo xusto cando cruzaba o parque, a media tarde. Eduardo quixo agarralo polo brazo. Foi coma querer coller fume. Sen saber como, o home desapareceu. A Eduardo quedoulle o eco dunhas palabras na cabeza: «no fusco do lusco», e unha risa.

Eduardo perdeuse nunha desas pistas asfaltadas que non levan a sitio ningún. Non lembrara botar gasolina e tiña medo de quedar tirado no medio dun lugar calquera con aquel coche que lle prestaran, así que prendeu a lanterna do móbil e paseou por se atopaba cobertura para o GPS ou alguén que lle indicase o camiño de volta.





Aínda non era noite. Entre lusco e fusco, ou, máis ben, o fusco do lusco, porque as sombras gañaban terreo.

Unha risa.

Unha figura que se achegaba.

Un murmurio: «Se quito o sombreiro, fuxe da morte».

Un home saudou ao pasar. Os seus ollos brillaban.

Eduardo aguantou a respiración e recuou, sen apartar a mirada daquela mirada.

O home quitou o sombreiro e sostívoo coas dúas mans. Inclinou a cabeza. A Eduardo lembroulle alguén que lle presentaba os seus respectos a un cadáver.

Eduardo seguiu retrocedendo, perdeu pé e caeu por un barranco.

...

Cando o home quitou o sombreiro diante de Sandra, ela estaba a piques de morrer asfixiada polo fume. O incendio xurdira tan rápido que non lle dera tempo a reaccionar. No último intre, foi cara á terraza e saltou, guiada máis pola idea de escapar daquel home sinistro ca pola de escapar do lume. Case queda inconsciente ao bater contra a auga, pero a piscina tiña profundidade abonda para salvara.

Cando o home quitou o sombreiro diante de Lois, el xa notara que o tren estaba collendo moita velocidade. Lois ergueuse coa





intención de preguntar que pasaba e o tren descarrilou. O corpo de Lois atravesou o cristal da ventá. Foi un dos sobreviventes.

Cando o home quitou o sombrero diante de Berenice, ela intentou prender a luz. Ao decatarse de que había un corte eléctrico, baixou con coidado as escaleiras para ir buscar candeas e mistos. Foi daquela cando a torre caeu enriba do tellado e esmagou a cama na que, minutos antes, Berenice dubidaba se estaría soñando esperta.

Non se volveron ter noticias de Eduardo. Atoparon o seu coche e as pegadas dos seus pasos. Máis nada.

Aínda hoxe, quen soña co home do sombrero sabe que non debe tocalo nin sosteulle a mirada. Hai soños que se volven realidade e

hai pesadelos que afortunadamente quedan prisioneiros baixo as pálpebras.



## **Aviso 4**

### **Pesadelos**

*O mellor dos pesadelos é acordar e decatarte de que estás ben, de que todo foi un soño.*

*O peor dos pesadelos é cando aparece neles algo ou alguén que despois atopas pola rúa e comezas a dubidar se todas esas cousas terribles que imaxinaches chegarán a acontecer de verdade.*





«Pola noite había unha cara que me miraba, e pola  
mañá hai demasiado silencio na miña casa.»

*Alumnado de 5.º e 6.º do CEIP Trabenco (Leganés)*



## O AGASALLO

Cando Helena colleu a boneca que levaba pedindo un ano enteiro, tremíanlle as mans.

- É a que querías, non?
- Parabéns, miña ruliña.
- Cinco anos xa!

Helena non escoitaba nin a súa nai nin os seus avós, non reaccionaba, miraba a boneca, feliz.

Porén, aproveitando o momento en que foron buscar a torta para que soprase as candeas de aniversario, Helena colleu a boneca e lanzouna lonxe, detrás do sofá.

—Onde está a boneca, Helena?

—Non sei.

—Seguro que quedou agochada entre tantos regalos.

A nai buscou a boneca e atopouna.

—Toma, Helena, cóidaa ben, que non foi fácil de conseguir.

—Esas bonecas valen un ollo da cara.

—Facíalle tanta ilusión!





Despois da festa e de despedir os avós, a nai descubriu a boneca debaixo dun coxín.

—Helena! Que fai a boneca co coxín enriba?

—Está durmindo.

—E non queres durmir ti con ela?

—Non.

—Veña, lévaa para a túa cama, así non se sente soa.

—A boneca non se sente soa. A boneca é mala.

—Por que dis iso?

—Porque si.

A nai insistiu e puxo a boneca a carón de Helena, coa cabeciña apoiada na almofada.

Helena afastouse.

Á mañá seguinte, a nai atopou a boneca no corredor.

—Que fai a boneca no corredor?

—Está castigada.

—Enfadácheste con ela?

—Si. É mala.

A nai colleu a boneca, suspirou e levouna de volta ao cuarto de Helena.

Ao día seguinte, era Helena quen estaba no corredor.

—Helena! Durmiches no chan?

—Si. A boneca botoume. Di que o cuarto é seu.

—As bonecas non falan.



—Eu escóitooa.

—Non inventes.

—Non invento nada.

Unha tarde, mentres Helena xogaba no xardín, a nai sentiu un son estraño ao pasar por diante do cuarto da nena, semellante a un zunido de abellas. Entrou no cuarto e o son parou. Todo estaba en orde, pero a nai tivo unha sensación desagradable ao mirar a boneca, ao mirar todas as bonecas que tiña Helena, coma se as sorprendese tramando algo. «Que parva! —pensou a nai— son bonecas, máis nada.»

Pouco despois, ao agacharse para coller un xoguete ciscado no chan, a nai sentiu claramente unhas mans que a empuxaban e precipitouse escaleiras abaixo. Helena berrou, e os veciños chamaron a ambulancia.

Durante o tempo de convalecencia da nai, Helena quedou cos avós. A nai precisaba descanso. Rompera un brazo, o esquerdo, pero podía manexarse ben co outro. Ao pouco, Helena volveu, feliz de ver a súa nai cun sorriso na cara. Foi correndo cara ao seu cuarto.

—Mamá, onde están as bonecas?


—Tireinas no lixo. Xa es maior para bonecas, non che parece?

—As outras non eran malas, soamente a nova, Valeria.





Á nai subiulle un arrepío polas costas. Na súa familia contábase a historia dunha nena que vivira nesa casa, unha nena que andaba sempre coa súa boneca. A nena era caprichosa. Tiña un ollar e unha maneira de falar coa boneca que á xente lle producía desacougo. Acabaron por mandala a un internado. Acabaron por esquecerla. Agás o seu nome. Chamábase Valeria.





## **Aviso 5**

### **Bonecos e bonecas**

*Os bonecos e as bonecas parécense tanto a nós que desconfiamos de que poidan pechar dentro un espírito, unha forza chea de rabia por estar prisioneira naquel corpo de tea, cerámica, plástico ou*

*calquera outro material que non é carne e óso. Temos a impresión de que eses ollos que non pestanexan, sempre abertos, seguen os nosos movementos, vixían, agardan.*





«Collín a boneca da miña irmá e craveille un alfinete na perna dereita. A miña irmá empezou a coxear. Espero que non me enfade, porque gardo a boneca no meu caixón e teño moitos alfinetes.»

*Alumno de 6.º de primaria (Santiago de Compostela)*



## CHEIRO A CERA

O cheiro a cera anuncia a Santa Compañía, esa procesión de ánimas en pena que non atopan acougo e roldan noite tras noite polos lugares onde pasaron a vida, anunciando a morte.

A cera que deixa o cheiro é a da candeia ou cirio que leva a persoa que vai diante da Santa Compañía, condenada a ir perdendo

as forzas devagar, por non poder descansar e por respirar o aire dos defuntos.

Quen nota o cheiro a cera debe facer un círculo no chan, meterse dentro e mirar cara a abaixo, porque se ergue a cabeza e os seus ollos topan cos da persoa que leva o cirio, non vai ter máis remedio ca collelo, liberándoa e ocupando o seu lugar.





Cando lle estaba axudando coa mudanza, un amigo contoume:  
«Tiña esquecidas esas crenzas, esas lendas. Non volvera pensar nelas, nin sequera para contarllelas aos meus fillos. Prefiro lerlles un conto antes de durmir, non moi longo, bonito, deses que chaman polos bos soños. Cría que na cidade non había lugar para pantasma e que o tendido eléctrico derrotara definitivamente a escuridade, ata que comecei a notar un cheiro a cera nas escaleiras.

Ao volver do traballo, se o ascensor estaba ocupado, no canto de agardar, subía polas escaleiras. Son catro pisos, e é bo para o corazón facer ese tipo de exercicios. Pero unha tarde o cheiro a cera púxome a pel de galiña. Sorrín. Como ía estar a Santa Compañía na cidade? A Santa Compañía anda polos camiños das fragas, polas





leiras, arredor dos camposantos, non nas escaleiras de servizo dun bloque de edificios. Aínda sen querer facerlle caso, o cheiro metéuseme no corpo, e con el un pánico absurdo. Loitei contra min mesmo para seguir indo polas escaleiras, aínda que a maioría das veces agardaba a que chegase o ascensor.

Esa tarde chovía a chuzos. Cadrei no portal co veciño do 5.ºA, que estaba tan enchoupado coma min.

—Entre a choiva e o vento, non hai maneira de chegar seco, e iso que aparquei aquí diante.

—Eu tamén, pero ao cruzar a rúa sen paraugas e cos charcos parece que me duchei coa roupa posta.

—Non agardas polo ascensor?

—Non. Vou polas escaleiras.

Así fixen. Sen pensalo dúas veces.

De súpeto, o cheiro a cera.

Un cheiro forte, ás miñas costas.

E unha voz que suplicaba: “Axúdame!”.

Eu, petrificado, nin sei como puíden coller un rotulador do maletín, un vermello, e pintar rapidamente un círculo no chan de baldosa. Non estaba seguro de que puidese funcionar, pero metinme nel e mirei cara a abaixo.

As miñas pernas alumeáronse á luz escintilante e feble dun cirio ou dunha candeia.





“Axúdame!”, repetiu aquela voz, con tanta tristeza que estiven a piques de erguer o rostro.

Xusto daquela, abriuse a porta das escaleiras e escoitei o veciño do 5.ºA.

—Estás aí? O ascensor avariou. Agarda por min e subimos xuntos. A que cheira?

“A cera. Cheira a cera. Non veñas”, pensei, pero era incapaz de pronunciar palabra.

O cheiro a cera foise afastando de min, e tamén a luz escintilante da candeia.

—Ola! Quen é vostede? Quere que lle sosteña a candeia?

—Non! —consegún berrar.

Ao erguer a vista estaba só, dentro dun círculo vermello pintado con rotulador. Sentínme ridículo. Non había ninguén máis nas escaleiras.

Cambiamos de piso. Agora vivimos no baixo, a carón do portal. Faleceu a dona, unha señora que xa levaba tempo enferma. O veciño do 5.ºA agarrou unha pulmonía da que non se recupera. Supoño que sería por estar coa roupa mollada, ou por non lembrar as crenzas sobre o cheiro a cera.»





## **Aviso 6**

### **A Compañía**

*A Compañía, tamén coñecida por Santa Compañía, Estantiga ou Estadea, chámase así porque vai buscar a quen morre con algún asunto pendente e non pode descansar, coa intención de acollelo na*

*súa procesión eterna. Eses espíritos errantes, ánimas en pena, desprázanse amodo entre as tebras. É por iso que quen cre ver a Compañía sabe cara a onde vai e ten tempo de prepararse ou de alertar a familia da futura persoa defunta. Hai lugares polos que adoita pasar, a miúdo encrucilladas de camiños, e precisan alguén con vida para ir guiando, porque a Compañía non distingue rumbos, vai e vén, atraída polos laios de quen sabe que a morte se achega.*





«Fun visitarte ao cemiterio, pero ti xa viñas  
visitarme a min.»

*Alumnado de 5.º e 6.º do CEIP Trabenco (Leganés)*





## A PORTA PECHADA

Cada sábado, o seu pai advertíalle:

—Se volves despois da medianoite, vas atopar a porta pechada.

A ela gustáballe estirar o tempo, quedar un pouco máis coas amigas. O pai agardaba esperto, rifáballe, castigábaa sen Internet ou sen móbil, ou sen saír na fin de semana seguinte. Ela escoitábao coa

seguridade de que non ía cumprir ameaza ningunha, mentres pensaba en cando sería maior de idade para poder chegar á hora que quixese.

—Se volves despois da medianoite, vas atopar a porta pechada.

—Non me importa.

—Quedas fóra.

—Pois quedo fóra.

E quedou.

A súa casa estaba en fronte do cemiterio.

Intentou abrir, pero o pai pechara por dentro.

Timbrou. Petou na porta.

Non había luz en ningunha xanela.






Seguramente, o pai estaría ás escuras, deixando que crese que non ía poder entrar esa noite, deixando que sentise a profunda soidade dunha madrugada de novembro.

A rapaza non estaba disposta a renderse. Colocouse diante da porta, desafiante. Respirou a humidade, que se cravaba nos pulmóns coma agullas de xeo.

Todo estaba en silencio. Ningún ruído, nin o vento.

Estremeceuse.

Unha man pequena e fría acababa de coller a súa man e tiraba por ela.



*andan na procura de calor, doutra man que acolla a súa, dunha voz que lles lembre as cantigas e os contos de antes de durmir.*

## **Aviso 7**

### **Unha man pequena e fría**

*Sentir o contacto dunha man pequena e fría, non ten por que alarmarnos. Se as persoas maiores non temos moi claros os límites entre este e o outro mundo, os nenos e as nenas aínda menos, e*





«Díxenlle á nena que marchase, pero sempre volvía. Primeiro regaba as plantas e despois sentaba á miña beira, pousaba a súa man na miña fronte, e eu soñaba os seus recordos, as lembranzas de cando ela estaba viva.»

*A. P. (Oza. Teo)*



## CASAS ABANDONADAS

Que unha casa estea abandonada non significa que non estea habitada.

Hai unha casa indo para o polígono da Grela, na Coruña, onde estourou unha bombona de butano e matou unha parella de anciáns e mais o seu can, un pastor alemán. Quen pasa por alí escoita uns ouveos deses que esgazan o peito coma o anuncio dunha desgraza. Aseguran ter visto a silueta dun can enorme cunha cadea e un colar ao pescozo. Quizais estea esperando que o solten e correr libre, por fin.

Na rúa Camelias, en Vigo, asasinaron unha muller no seu piso. Desde aquela, a muller aparece e bate con rabia nas portas. Ninguén quere ocupar o piso, aínda que non se pode dicir que estea baleiro. Nel protesta o espírito desa muller. Esa é a súa maneira de seguir no recordo. De feito, chámanlle o piso de Mariana, e as veciñas e os





veciños saben que a única maneira de acougala é murmurando: «Penso en ti, Mariana, queda tranquila, descansa».

A Casa dos Medos de Lariño está pechada, e a familia que a mercou vive na casa do lado porque non podían aturar os berros, as rachas súbitas de vento frío e a presenza dunha señora, a antiga propietaria, enfadada porque non cumpriran a súa derradeira vontade. Se entrabas na casa, o medo obrigábate a marchar. E é que a antiga propietaria non quería que a vendesen. Podían quedar nela os seus descendentes, ninguén de fóra. A pobre muller refuxiábase naquelas paredes e só buscaba estar cos fillos que en vida nunca a visitaban.

A casa da Lavandeira é un lugar sinistro. No lugar da Lavandeira construíran unha casa coa intención de seguir edificando outras a carón desa, preto da praia. Foi vivir alí unha parella, xente nova, con bo aspecto, bos traballos e boa saúde. Porén, non estiveron nin dúas semanas. Dician que non podían durmir, que acordaban no medio da noite cos prantos dun bebé. O construtor intentou convencelos de que o que escoitaban eran as gaivotas, os sons do mar. A parella marchou, chegou outra, e despois outra, e así ata cinco parellas. Todas se queixaban de non poder durmir polos prantos dun bebé. O construtor non fixo máis casas e a xente comezou a falar do meigallo da casa da Lavandeira e prohibíanlles aos nenos e ás nenas que pasasen por alí para ir á praia.





Co tempo, a casa da Lavandeira foise ensombrecendo. O musgo cubría a e a humidade tinxíaa de negro.

Un rapaz de Pereiro, para facerse respectar, apostou que pasaría a noite na casa da Lavandeira. Os seus amigos acompañárono e deixárono na porta medio derruída da entrada. O rapaz levaba unha lanterna, algo de comida e un saco de durmir. Como non volvía, foron ver que acontecera. Atopárono dentro do saco, cos ollos moi abertos, o cabelo completamente branco. No hospital déronlle calmantes e preguntáronlle que vira. El tapou as orellas coas mans. «O bebé non cala. O bebé non cala. O bebé non cala...», repetía. Morreu ao día seguinte.







Xiana Vilán, arqueóloga, sabe que no lugar da Lavandeira, xusto onde construíran a casa, atoparan esqueletos e caveiras de nenas e nenos de diferentes idades da época dos romanos. Ao non conseguir os permisos para seguir coas escavacións, eses terreos foran vendidos.

Luísa de Alba, que de nova fora peixeira, non deixa que os seus netos se acheguen ás casas abandonadas onde se escoitan prantos de bebé. Di que é para chamar a atención, para que a xente entre e non volva saír, ou saia moi diferente de como entrou.



## **Aviso 8**

### **Prantos de bebé**

*O pranto dun bebé é un dos sons máis insoportables para o oído humano. Calquera persoa, ao escoitalo, acudirá, mesmo se ten que aventurarse a ir a lugares nos que non confía. É un reclamo.*





«Hai tres meses gustábame xogar ás agachadas  
coa miña filla. Aínda a sigo buscando.»

*Alumnado de 5.º e 6.º do CEIP Trabenco (Leganés)*